

PLAN DE TRABAJO

UNIDADE DIDÁCTICA “O LENDARIO RÍO SIL”

4º Ed. Primaria - CEIP de Quiroga - Belén Maseda Quiroga
Tarefas de repaso do 27 ao 8 de maio

O plan de traballo recolle actividades de repaso, reforzo e ampliación (de ser o caso). Están incluídas actividades de: **Lengua Castellana**, **Lingua Galega**, **Matemáticas**, **Ciencias Sociais**, **Ciencias Naturais**, **Plástica**, **Valores** e **Educación Física** (elaborada por Lucía Trillo).

Este plan pode descargarse na páxina do CEIP de Quiroga
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquiroga/>
Tamén pode atoparse en formato de imaxe no blog
recursoscuarto.wordpress.com

Para facilitar a consulta ao alumnado dos contidos superados nalgúns casos engádense as páxinas de referencia dos libros de texto.

*Este plan está pensado para imprimir ou realizar os exercicios nos cadernos de cada materia. Ademais engádense o repaso con actividades interactivas do libro de Vicens Vives e actividades alternativas para o alumnado sen Internet.

**O alumnado tamén pode atopar actividades de repaso non obrigatorias na web recursoscuarto.wordpress.com



LECTURA LG

A LENDA DAS LAVANDEIRAS DO SIL



As Lavandeiras da noite pertencen á historia de superstición galaico-portuguesa. Esta personaxe confúndese entre a fantasía/mitoloxía e a realidade.

En varias das entrevistas que se fixeron en Galicia as persoas entrevistadas recoñeceron que viran a estas mulleres lavar nos pilóns da aldea e outras dicían que eran “faladurías”. En calquera caso...

Que son as lavandeiras da noite?

Son espíritos de mulleres novas ou vellas que viven nas fragas, fervezas dos ríos e das fontes, nos ocos das árbores, covas, etc. Adóitaselle ver nas noites de luar lavando as roupas nas zonas de auga.

Cando aparecen con aparencia de persoa maior, teñen cabelos longos e brancos como a espuma e faciana enrugada. Aparecen chorando por unha pena eterna e vestidas de negro ou amarelo.

Cando son novas parecen ter unha relación moi directa coas mouras. Teñen o cabelo rubio e unha gran beleza.



Mural realizado por Cestola na Cachola na fachada do Albergue de Quiroga

1. Escolta a lenda “Lavandeiras do Río Sil” deste enlace con atención :

<https://www.youtube.com/watch?v=nfsbCZomZ3>

2. Resolve no teu caderno:

A) As lavandeiras da noite son reais ou imaxinarias? Que é unha lenda?

B) Segundo a lenda de Quiroga que viches no video, quen son as lavandeiras?

C) Que diferencias atopas entre o primeiro debuxo e o segundo? Cres que as dúas son lavandeiras? Por que?

COMPRESIÓN ORAL LG

3. Escoita a canción “A Lavandeira da Noite” de Carlos Núñez e responde estas preguntas:

Enlace suxerido <https://www.youtube.com/watch?v=Qjybj65AJ8>

- a) Como era a noite na que sucede o encontro?
- b) Que cres que é unha muiñada?
- c) Que lavaba a lavandeira?

COMBINACIÓN DE DIÁLOGO E NARRACIÓN LC

LA LEYENDA DE LAS AUREANAS HECHICERAS

Dicen que en un punto sin determinar con exactitud del río Sil, viven las aureanas hechiceras. Atraen a los chicos con su voz y quedan atrapados por su dulce sonido. Las voces los llaman a entrar en el río y allí desaparecen en las aguas. Hay una manera de evitar el encantamiento: cruzar el río con una piedra en la boca. Así los chicos no pueden hablar y, si guardan silencio, el encantamiento no se produce y pueden llegar felizmente al otro lado.

Al parecer estas hechiceras aparecen exclusivamente en el río Sil y se dedicaban a recoger pepitas de oro.

4. Inventa una historia que combine diálogo y narración sobre un chico que cuenta que se encontró con una aureana y consiguió pasar al otro lado del río.

Mínimo 10 líneas. Puedes ayudarte de la página 25 del libro de Lengua para recordar cómo se hacía.

5. Las palabras están formadas por prefijos, raíz y sufijos.

Puedes usar la página 9 del libro de Lengua Castellana para repasar.

- Alumnado con acceso a las tareas interactivas:

Tema 1, La estructura de la palabra. Actividades 2, 3 y 4

- Alumnado sin internet:

5. Rodea de rojo el prefijo, subraya de azul la raíz y rodea de verde el sufijo (si tienen):

lavandera	encantamiento	hechizado
hechicera	personaje	intocable
recoger	desaparecer	sorprendente

O CURSO DUN RÍO CS

Neste curso aprendemos moito vocabulario sobre as paisaxes relacionadas coa auga. Tamén aprendemos que o curso dun río ten tres partes diferenciadas, repásao con atención nas páxinas 26 e 27 do libro de Ciencias Sociais.

**6. Actividades para alumnado con acceso ás actividades interactivas:
TEMA 2 Descubro como é un río: 31, 32**

Actividade para alumnado sen acceso a internet:

6. Di a que conceptos se refiren as seguintes definicións:

- Percorrido dun río desde o nacemento deste ata a súa desembocadura.
- Río menor ou secundario que desemboca noutro principal.
- Curva pronunciada, que describe o río, por onde a auga discorre lentamente.
- Parte do río onde verte as súas augas ao mar.

7. Coñecemos moitos tipos de mapas pero hoxe preséntovos o mapa topográfico. Neste tipo de mapa podemos ver a forma do relevo dunha zona, porque as alturas están representadas por cores. Observa a noza zona:

Arrodea a resposta que creas correcta:


- Segundo as cores. A vila de Quiroga está nunha zona: alta baixa media

- Na zona norte hai varias zonas vermellas correspondentes á serra do Courel. Isto representa que son zonas:


altas medias baixas

- O Barco de Valdeorras, A Rúa e Quiroga parecen estar unidos por un sendeiro azul, que indicaría unha zona de baixa altura. Que crees que pasa por aí?

unha estrada un río unha falla



8. Observa agora o mapa topográfico do curso do río Sil, do seu nacemento á súa desembocadura.



O curso dun río tiña tres partes: curso alto, medio e baixo.
Nestas tiña moita influencia a altura do lugar que percorría o río.
Se non lembras, volve ao libro de Ciencias Sociais para axudarte.

Intenta adiviñar máis ou menos entre que localidades transcorre o:

Curso alto do Sil:

Curso medio do Sil:

Curso baixo:

Quiroga estaría situada no curso do río Sil

A FAUNA DO SIL CN

Na "Ribeira Sacra" existe unha gran biodiversidade (...). Se a flora é excepcionalmente variada non é menos a fauna. Nos bosques da Ribeira Sacra ocúltanse xabarils, corzos, raposos e coellos. Segundo un estudio hai máis de 160 vertebrados diferentes na zona. A fauna acuática do río Sil comprende troitas, black bass (especie invasora), carpas (especie invasora) e lontras. Merecen tamén un interés especial as aves, en particular as aves rapaces. No Sil hai unha colonia bastante importante de milanos negros e varias especies de águias. Na época fría veñen garzas e parrulos para pasar o inverno.

9. Todos os animais que aparecen no texto son VERTEBRADOS. Repasa as súas características na páxina 62 do libro de Ciencias Naturais.

Arrodea todos os animais que aparecen no texto e clasifícaos nun cadro nos 5 grupos de vertebrados. Se non lembrás, aparecen na páxina 63 do libro.

10. No texto non aparecen animais de varios grupos para clasificar no cadro! Pide axuda na casa ou busca en www.google.com para **completar polo menos con un animal todos os cadros.** Lembra que teñen que ser animais que haxa no Sil ou nos ríos da nosa zona!

11. Repasa os vertebrados

Alumnado con acceso ás tarefas do libro:

TEMA 4 OS SERES VIVOS. OS ANIMAIIS. Características dos vertebrados: 23, 24 e 31

Alumnado sen acceso a internet: Debuxa como é a columna vertebral dos mamíferos e os peixes e identifica as súas partes (axúdate da páxina 62 do libro).

A FLORA DO SIL

CN

O interior das provincias de Lugo e Ourense está baixo a influencia dun clima que favorece a unha flora determinada, coma por exemplo os castiñeiros, carballo, toxos ou queirugas. Pero aparte desta flora tamén pódense atopar outras variedades como poden ser os érbedos, aciñeiras, laranxeiras, oliveiras e a lavanda. Además hai un gran número de plantas medicinais e froitos silvestres.

12. Repasa as necesidades das plantas na páxina 46 do libro de C. Naturais.

Despois de repasar, contesta:

Explica coas túas palabras a parte subliñada do texto. Podes atopar axuda tamén na páxina 8 de Ciencias Sociais.

13. Alumnado con acceso ao libro interactivo: **Axúdate do tema 3 do libro**

TEMA 3 Os seres vivos. As plantas. 3. O reino vexetal. Clasificación. ACTIVIDADES: 16, 19

5. A reprodución das plantas. ACTIVIDADES: 32, 33

Alumnado sen Internet: Consulta a páxina 42 e 43 do libro para completar as seguintes características de cada exemplo da páxina seguinte.

- Grupo de plantas con flores ou de plantas sen flores.
- Clasificación segundo o seu talo: talo delgado, talo grosa, sen tronco principal, con tronco principal, herbas, arbustos ou árbores.



A) OLIVEIRA



B) QUEIRUGA



OS TOPÓNIMOS LG

14. Sabías que chamámoslle **TOPÓNIMO** a un nome propio de un lugar?
O noso topónimo “Quiroga” din que pode ter que ver coa flora da nosa zona.
De onde cres que vén o noso topónimo?

15. Completa imaxinando de onde virán estes coñecidos topónimos

RIBAS DE SIL _____

OUTEIRO _____

A ERMIDA _____

MONTEFURADO _____


A BARCA DO CASTELO _____

QUE VEÑEN OS ROMANOS!

CS

Como xa dixemos moitas veces, un dos lugares máis importantes nos que deixaron pegada os romanos na nosa comarca é Montefurado.

Alí construíron un túnel de 120 m. que atravesou un monte. Para que vos fagades unha idea o túnel nun principio medía unha distancia parecida á que vai desde a Casa do Concello de Quiroga á Librería Celia. Imaxínade toda esa distancia escavada nunha montaña formada de rocha e sen maquinaria coma a que temos actualmente. Tivo que ser un traballo para o que precisaron moitos “obreiros”.



Por iso, supoñemos que algunhas lexións romanas tiveron que desplazarse ata a zona de Montefurado e asentarse formando campamentos nos lugares cercanos, para axudar nas labores que foran precisas na zona.

As lexións romanas eran unidades militares que estaban formadas por uns seis mil homes ao servizo do Imperio Romano.

16. Como vimos na páxina anterior a TOPONIMIA (os nomes propios dos lugares) moitas veces teñen que ver coa súa historia, as características do seu relevo ou do seu medio natural.

Observa este mapa das aldeas próximas a Montefurado, lendo os seus nomes e reflexionando. Onde cres que puido asentar o seu campamento algunha das lexións romanas?

Arrodea no mapa ou responde no teu caderno.



17. ACTIVIDADE NON OBRIGATORIA.


Para os/as que queirades profundizar sobre a toponimia da nosa zona, invítovos a que, con axuda das familias ou de internet, investiguedes como se chaman as vosas aldeas ou lugares cercanos e por que. É moi interesante coñecer que ás veces o nome dun lugar fálanos das historias que garda.

Se queredes participar podedes mandar un vídeo explicando o que descubristes, polas vías de comunicación que saben as familias.

LECTURA LC


LOS ROMANOS Y MONTEFURADO TEXTO: GALICIAMAXICA.EU

Los romanos llegaron a Galicia y se quedaron sobre todo por ser fuente de abundante materia prima mineral y natural. Para su localización, se recorría cada rincón de la región y para la extracción del mineral se recurría a cualquier método que facilitara su explotación. En tierras de Quiroga, el Sil discurre caprichosamente formando grandes meandros y grandes valles, para así salvar la dureza de estas rocas. En uno de ellos, justo antes de que las aguas del Bibeí se mezclen con las del Sil, existe un meandro.



Sin embargo, las aguas del río daban esta vuelta para poder salvar una dura pared rocosa, que separaba la otra esquina del meandro en tan solo en 140 metros.

Los romanos sabían que el Sil arrastraba oro, y para ello decidieron secar el meandro. ¿Y cómo? Decidieron “furar” (horadar) el monte para poder desviar el río. Así, los 2,5 km del meandro se secarían y facilitaría enormemente la tarea de la búsqueda y extracción de tan preciado metal. Fue construido en el siglo II, en tiempos del emperador Trajano.



Su construcción original constaba de un túnel de 120 m de largo por 20 m de alto.

Imaxe adaptada da construción do túnel de Montefurado de “Unidades didácticas para escolares” Asociación Río Lor

Desafortunadamente, en el año 1934, una enorme riada tiró gran parte del túnel, dejándolo en sólo 52 m, que es lo que hoy se conserva.

18. Contesta estas preguntas sobre el texto:

- ¿Por qué vinieron los romanos a Galicia?


- ¿Qué es un meandro?

- El túnel de Montefurado se construyó antes de la unión de dos ríos. ¿Cuáles?

- ¿Para qué desviaron el curso del río?

PROBLEMAS EN EL RÍO SIL

MÁT.



Piensa bien cómo resolver cada problema. Debes repasar las divisiones en el TEMA 6 de Matemáticas

19. El túnel de Montefurado recorría unos 120m a través del interior de una montaña. Lamentablemente una riada en el año 1934 hizo que se derrumbara parte de la construcción y el túnel se quedase con sus 52m actuales.

- ¿Cuántos metros perdió el túnel cuando sucedió el derrumbe?

- Si estamos en el año 2020 y se derrumbó en 1934. ¿Cuántos años han pasado?

20. Para excavar el túnel, los romanos se encontraron con una pared rocosa. Tenían que atravesar unos 120m pero con sus medios solo avanzaban 3m al día.

¿Cuántos días tardaron en llegar al otro lado del meandro?

21. Un día le llevaron a Trajano, el emperador de Roma, 1.145 libras de oro procedentes de Montefurado. El imperio tenía muchos gastos así que repartió ese dinero entre 15 legiones que necesitaban más medios para subsistir en los campamentos. ¿Cuánto dinero recibió cada legión?

22. Se calcula que la extracción de Montefurado daba a Roma unos 20.000 libras anuales. ¿Cuánto dinero recaudaron en sus primeros 17 años?


23. Trabajaron en la zona unos 4381 al año durante 23 años. ¿Cuántos trabajadores hubo?

DEBUXAMOS PLÁSTICA

EL CASTILLO DE "A PENA DO CORVO"

Durante años escuché historias sobre el famoso castillo que se levantaba sobre el túnel de Montefurado. Unas veces era castillo y otras era simplemente torre pero la gente mayor coincidía en que ellos recordaban unos restos de construcción con forma circular. Las historias también hablaban de cadenas que cruzaban el camino para evitar el paso y de que se debía pagar por cruzar.

Fuera de la especulación me dediqué a investigar (...). En primer lugar contamos con el mapa de la Provincia de Lugo de 1864 que ya nos muestra un "castillo arruinado" en la cima. Tras varios desplazamientos a la cima de la peña no descubrimos ningún resto. No hay muros, ni rocas con señales, ni marca alguna de construcción humana excepto las rodadas que se ven claramente en el camino excavado en roca viva y que nos delimitaban la zona. Según el mapa gran parte del castillo debió de caer con el derrumbe de 1934 pero la roca sobre la que se debía de asentar la torre sigue en su lugar por lo que debería quedar algo. La búsqueda fué inútil. Este grabado que llegó a mi poder representa la otra cara del monte y en él se puede ver con mayor claridad la magnitud de la fortaleza. Se trata de una representación de Urrabieta y Vierge fechada sobre 1870-1880.



24. Tenta debuxar unha imaxe desta paisaxe parecida á que representa ao Túnel de Montefurado co Castelo de “A pena do Corvo” enriba. **O importante é que apareza o castelo, o túnel, o río con árbores e as montañas de fondo.** Faino ao teu estilo. Envíaa por calquera das vías de comunicación que coñeces.

A CONTAMINACIÓN DOS RÍOS

Alumnado de **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

25. Observa o video do seguinte enlace sobre os ríos e a contaminación

LOS RÍOS Y LA CONTAMINACIÓN. Vídeos educativos de dibujos <https://www.youtube.com/watch?v=gr-JZ3t8tfl>

Le o seguinte texto resumido do xornal La Vanguardia

La mayor parte de los residuos plásticos que se encuentran en los mares y océanos ha sido transportada por vía fluvial. Es decir, la basura también ahoga a los entornos fluviales, unos espacios especialmente sensibles debido a la escasez de agua y la contaminación que sufren (el 60% de los ríos y acuíferos europeos se encuentran en mal estado).

La contaminación de los ríos es uno de los mayores problemas ambientales. Por eso, se creó el proyecto Libera donde centenares de voluntarios de todo el país participan en la recogida de basura en entornos fluviales coincidiendo con el Día Internacional de los Ríos, que se celebra el 14 de marzo. Los residuos más comunes encontrados fueron las toallitas y las colillas (ambas compuestas de plástico), además de las latas de bebida.

Los plásticos que se abandonan en la naturaleza, pero también en las calles y cloacas pueden acabar en los ríos. Cuando llueve, especialmente cuando hay grandes tormentas, el agua arrastra todo lo que encuentra a su paso y lo deposita en las cuencas fluviales.

El proyecto Libera advierte que toda esta contaminación “tiene consecuencias nefastas para la fauna y flora acuáticas e, inmediatamente después, para los seres humanos.

Esta situación se traduce en una pérdida de biodiversidad para el ecosistema acuático. Así, la pesca descende, a la vez que la calidad del agua también disminuye, no siendo apta para el consumo humano e incluso en ocasiones tampoco apropiada para el cultivo ni la ganadería.

ACTIVIDADE OPTATIVA PARA TODO O ALUMNADO DE 4º

26. Crea un anuncio para prensa, radio ou para televisión co que teñas na casa.

O único que debes cumprir é facer o exercicio 25 (para estar informado do tema) e que o anuncio teña coma fin que a xente teña coidado e non produza residuos que contaminen os ríos

QUE BOA NOTICIA!

**A PARTIR DESTA DOMINGO
PODEMOS SAÍR A DESFRUTAR
DA ACTIVIDADE FÍSICA,
IMAXÍNATE NO PASEO
FLUVIAL OU MESMO NA TÚA
CASA!**



27. É unha noite de luar. A escuridade anegaba todo o Paseo Fluvial e ti estás alá. O ruído da noite échese de sons de mouchos, pisadas nos campos cercanos de animais salvaxes, e unha voz... Unha voz que chama e atrae.

Estás xa na zona onde o Quiroga e o Sil mestúranse e da mesma maneira o son da auga mestúrase con esa voz cada vez máis cercana. Sen dúbidas xiras cara ao paseo do Sil sen pensar moito e... pisas nas follas secas. CRASH! Nese momento abres ben os ollos e lembras o que che dixeron antes de saír da casa:

- As aureanas! Non debo facer caso dese son! - e lembras, por fin, as instrucións da profe Lucía para poder pasar o río:



1º O obxectivo é abrir e pechar as pernas o máis rápido que poidas, primeiro comezando coa perna dereita (abre dereita, abre esquerda, pecha dereita, pecha esquerda).

2º Colócate de lado e terás que facer o percorrido de diante a atrás, ata unha marca a partir da cal cambiarás de lado.

3º Slalom ou desprazamento en zigzag de 10 metros.

4º Remata con saltos a pés xuntos.

Canto tempo tardaches en escapar e pasar o río? Ánimo e a seguir entrenando!